



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 4 de xuño de 2021 (1031/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día catro de xuño de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(476).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **2(477).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2021” ORGANIZADA POR FARO DE VIGO, S.A.U. Expte. 18483/101.**

Visto o informe de fiscalización do 04/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 04/06/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2021” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (PCAP).

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da “XXII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2021”, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, con data 26 de maio de 2021.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 26 de maio de 2021.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .*

- *O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.*
- *O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.*



## Concello de Vigo

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

*Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.”.*

**Segundo.-** O día 2 de xuño de 2021 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data do 4 de xuño de 2021 FARO DE VIGO, S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 4 de xuño de 2021, reúnense a xefa do departamento administrativo da Alcaldía, coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de Contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 13 do PCAP, e acordándose admitir a FARO DE VIGO, S.A.U. neste procedemento.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP, non procede a negociación “*dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*” nin outorgarlle puntuación. Así mesmo “*dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*”.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, ao ter presentado el os certificados de estar ao corrente nas obrigas coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. Comprobouse así mesmo que está inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. Toda esta documentación foi incorporada ao expediente.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FARO DE VIGO, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 4 de xuño de 2021 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2021” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (18483-101) por un prezo total de 75.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.016,53 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(478).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR QUÍMICA FÁCIL, S.L., CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE PROTECCIÓN FRONTE AO RISCO DO VIRUS COVID-19 DO PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6527/241.**

Dáse conta do informe-proposta de data 03/06/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto para a subministración de material de protección fronte ao risco do virus Covid-19 do persoal municipal do concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto para a subministración de material de protección fronte ao risco do virus Covid-19 do persoal municipal do concello de Vigo (PPT).

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar o expediente de contratación do subministro de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación. Este contrato ten tres lotes:

- Lote 1: Material de protección individual e sanitario de uso xeral: máscaras hixiénicas desbotábeis, máscaras PS e EPI protección das mans (luvas desbotables).

- Lote 2: Material de protección individual: EPI Protección das vías respiratorias (máscaras) e EPI, protección dos ollos (pantallas).
- Lote 3: Material de hixiene e desinfección: xel desinfectante de base hidroalcohólica e toallitas desbotables impregnadas con solución desinfectante

**Segundo.-** O anuncio de licitación foi publicado o día 8 de febreiro de 2021 no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de contratación do Sector Público, abríndose o prazo de presentación de proposicións, que rematou o 25 de febreiro de 2021.

**Terceiro.-** Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesións de 4 de marzo de 2021 procedeu a apertura do sobre A "Documentación persoal", admitindo a diversos licitadores e concedendo un prazo de subsanación a outros. En data 11 de marzo, revisouse a documentación achegada polos licitadores durante o prazo de subsanación e acordouse a admisión deles. Admitíronse os seguintes licitadores:

- ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (lote 3)
- ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L. (lotes 1,2 e 3)
- CELTA INGENIEROS S.L. (lote 2)
- CLICK COIN, S.L. (lote 2)
- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (lotes 2 e 3)
- DARLIM, S.L.U. (lotes 2 e 3)
- GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
- IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (lote 3)
- IRAGO, S.A. (lotes 1, 2 e 3)
- MAFLOW SPAIN AUTOMOTIVE, S.L. (lote 3)
- MAPE ASESORES, S.A. (lotes 1, 2 e 3)
- OFIPAPEL CENTER, S.L. (lotes 2 e 3)
- PAPEL AUTOMATIC S.A. (lote 3)
- PAZ DISMAC, S.L. (lotes 1 e 2)
- PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L. (lote 3)
- QUÍMICA FÁCIL, S.L. (lote 3)
- TESIS GALICIA, S.L. (lote 3)
- TIENDAS MARPI, S.L. (lote 3)
- TORROVAL Y LÓPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L. (lote 2)

**Cuarto.-** En data 11 de marzo a Mesa procedeu a apertura do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" e do sobre D "Mostras", dos licitadores presentados e admitidos, e acorda solicitar informe aos servizos xestores, Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Servizo de Contratación, en relación coas mostrás e coas ofertas presentadas respectivamente.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 8 de abril de 2021, acordou a exclusión de varios licitadores, entre eles o recorrente, porque as mostrás por eles presentadas non se axustan ao disposto no prego de prescricións técnicas e/ou por non presentar a documentación informativa (motivo de exclusión previsto no apartado 6C do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares), segundo constaba no informe das técnicas de prevención de riscos laborais relativo o sobre D "Mostras" de data 5 de abril do mesmo ano.

**Sexto.-** En data 9 de abril, a concelleira de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local do 20.06.2019, adoptou a seguinte resolución:



## Concello de Vigo

*“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 8 de abril de 2021, dos licitadores que deseguido se relacionan porque as mostras por eles presentadas non se axustan ao disposto no prego de prescricións técnicas e/ou por non presentar a documentación informativa (motivo de exclusión previsto no apartado 6C do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares):*

1. ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (lote 3)
2. ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L. (lotes 1,2 e 3)
3. CLICK COIN, S.L. (lote 2)
4. COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (lote 2)
5. DARLIM, S.L.U. (lote 2)
6. GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (lote 1)
7. IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (lote 3)
8. IRAGO, S.A. (lote 1)
9. MAPE ASESORES, S.A. (lotes 2 e 3)
10. OFIPAPEL CENTER, S.L. (lotes 2 e 3)
11. PAPEL AUTOMATIC S.A. (lote 3)
12. PAZ DISMAC, S.L. (lote 2)
13. PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L. (lote 3)
14. QUÍMICA FÁCIL, S.L. (lote 3)
15. TIENDAS MARPI, S.L. (lote 3)
16. TORROVAL Y LÓPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L. (lote 2)

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) na seguinte orde descendente:*

|   | Licitador                            | Puntuación total |
|---|--------------------------------------|------------------|
| 1 | TESIS GALICIA, S.L.                  | 100,00 puntos    |
| 2 | DARLIM, S.L.U.                       | 96,38 puntos*    |
| 2 | IRAGO, S.A.                          | 96,38 puntos*    |
| 3 | COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. | 93,62 puntos     |
| 4 | GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L.         | 70,68 puntos     |
| 5 | MAFLOW SPAIN AUTOMOTIVE, S.L.        | 70,65 puntos     |

\* DARLIM, S.L.U. e IRAGO, S.A. empatados en segundo lugar.

O desempate realizarase no suposto de que non proceda adxudicar o contrato ao primeiro clasificado e de conformidade cos criterios previstos na cláusula 16.5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, TESIS GALICIA, S.L. (B-36.237.477), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Esta resolución foi notificada os licitadores o día 13 de abril de 2021 e publicada ese mesmo día no perfil de contratante. No entanto, o recorrente non recolleu a notificación.

**Sétimo.-** En data 28 de abril de 2021 QUÍMICA FÁCIL presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello solicitando aclaracións a súa exclusión na que manifestan “Somos la oferta más ventajosa de todas las presentadas y no entendemos nuestra exclusión cuando con esta autorización y esta ficha técnica hemos sido adjudicatarios de un gran número de licitaciones públicas. En todo caso, si no se entendía algo, se debería haber pedido una aclaración, siendo un defecto totalmente subsanable. Entiendo que la decisión de exclusión es recurrible ante el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, pero hemos preferido consultarles a ustedes primeros. Nos vence el plazo el día 4 de mayo, nos gustaría si nos pudiesen contestar antes”. Á vista desta solicitude o servizo de Contratación solicitou informe ás técnicas de riscos laborais, que o emiten en data 30 de abril de 2021.

**Oitavo.-** En data 3 de maio e 2021 a técnica do servizo de Contratación formula informe contestando o escrito do recorrente, que se lle notificou o mesmo día, constando a súa recepción nesa data.

**Noveno.-** En data 6 de maio e 2021 a XGL acordou:

“1.-Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Sesión do 4 de marzo de 2021 na que se acorda non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por non ter cumprido os requisitos esixidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares para a presentación das proposicións:
  1. CANARIAS SPORTS HOLIDAYS, S.L. (o sobre D “Mostras” foi presentado fóra do prazo de presentación das proposicións)
  2. CPQ IBERICA, S.A. (o sobre D “Mostras” foi presentado fóra do prazo de presentación das proposicións)
  3. EFI HIGIENE, S.L.U. (o sobre D “Mostras” foi presentado fóra do prazo de presentación das proposicións)
  4. IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (B-47.638.457) (non presenta o sobre D “Mostras”)
  5. I+DEAS DIVISION COSMETICA, S.L. (B-47.692.348) (presenta o sobre D “Mostras” dentro de prazo pero non presenta os sobres A e C esixidos no PCAP.
  6. ROYAL PROGRESS, S.L. (non presenta o sobre D “Mostras”)





## Concello de Vigo

7. *SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (Presentadas en data de imposición na oficina de correos dentro de prazo de licitación pero sen que conste recepción de anuncio de remisión das mostras ao correo electrónico [ofi.rexistro@vigo.org](mailto:ofi.rexistro@vigo.org))*
  8. *QUICELCO GALICIA 2020, S.L. (presenta os tres sobres a través do Rexistro Xeral. A documentación dos sobres A e C está descriptada, polo que non se garantiu o segredo das proposicións)*
  9. *MA INVEST SPAIN 2018, S.L. (presentada en data de imposición na oficina de correos dentro de prazo de licitación. Consta recepción de anuncio de remisión das mostras ao correo electrónico [contratacion@vigo.org](mailto:contratacion@vigo.org). Pero non presenta o sobres A e C)*
- *Sesión do 8 de abril de 2021 na que se acorda excluír aos licitadores que deseguido se relacionan porque as mostras por eles presentadas non se axustan ao disposto no prego de prescricións técnicas e/ou por non presentar a documentación informativa (motivo de exclusión previsto no apartado 6C do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares):*
    1. *ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (lote 3)*
    2. *ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L. (lotes 1,2 e 3)*
    3. *CLICK COIN, S.L. (lote 2)*
    4. *COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (lote 2)*
    5. *DARLIM, S.L.U. (lote 2)*
    6. *GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (lote 1)*
    7. *IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (lote 3)*
    8. *IRAGO, S.A. (lote 1)*
    9. *MAPE ASESORES, S.A. (lotes 2 e 3)*
    10. *OFIPAPEL CENTER, S.L. (lotes 2 e 3)*
    11. *PAPEL AUTOMATIC S.A. (lote 3)*
    12. *PAZ DISMAC, S.L. (lote 2)*
    13. *PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L. (lote 3)*
    14. *QUÍMICA FÁCIL, S.L. (lote 3)*
    15. *TIENDAS MARPI, S.L. (lote 3)*
    16. *TORROVAL Y LÓPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L. (lote 2)*

2.- *Adxudicar a MAPE ASESORES, S.A. (A-36.326.619) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) por un prezo total de 63.794,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.335,44 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 56,45% a aplicar aos prezos unitarios relacionados para este lote no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

3.- *Adxudicar a TESIS GALICIA, S.L. (B-36.237.477) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) por un prezo total de 78.862,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.926,82 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 61,50% a aplicar aos prezos unitarios relacionados para este lote no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.”.*

**Décimo.-** En data 28 de maio de 2021, D. OLIVER VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, en nome e representación de QUÍMICA FÁCIL, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), contra a acordo de adxudicación do procedemento. O recurso presentase no Rexistro Xeral do Tribunal, que o comunica a esta Administración coa solicitude de informe o día 31 de maio de 2021.

**Undécimo.-** En data 2 de xuño as técnicas de prevención, a solicitude do servizo de Contratación, emiten informe sobre o presente recurso.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Obxecto deste recurso especial en materia de contratación**

É obxecto da presente impugnación do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de data 6 de maio, de adxudicación do lote 3 do procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo a TESIS GALICIA, S.L. Aínda que da lectura do recurso extraese a conclusión de que en realidade o que pretende impugnar o recorrente é o acordo da Mesa de Contratación do Concello de Vigo de 8 de abril de 2021 de exclusión da súa oferta do lote 3 deste procedemento..

**-II-**

### **Lexislación aplicable**

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.



**Concello de Vigo**

**-III-**

### **Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

**-IV-**

### **Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de

formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participan na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.



## Concello de Vigo

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal as organizacións empresarias, como a recorrente, ostentan lexitimación activa para recorrer.

Citaremos por todas a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales nº 149/2020, de 6 de febreiro de 2020. Di esta resolución que:

*“Constituye doctrina de este Tribunal, recientemente reflejada en la Resolución nº 1239/2019, que carece de legitimación para impugnar exclusivamente la adjudicación quien no puede ser en ningún caso adjudicataria del contrato por haber sido excluida. Y ello porque carece de interés legítimo. Ya señalaba la Resolución de 21 de octubre de 2016 que “los requisitos para que pueda apreciarse la existencia de interés legítimo y, por tanto, de legitimación activa, son los siguientes: 1.- Por interés, que la normativa vigente califica bien de “legítimo, personal y directo”, o bien, simplemente, de “directo” o de “legítimo, individual o colectivo”, debe reputarse toda situación jurídica individualizada, caracterizada, por un lado, por singularizar la esfera jurídica de una persona respecto de las de la generalidad de los ciudadanos o administrados en sus relaciones con la Administración Pública, y dotada, por otro, de consistencia y lógica jurídico-administrativas propias, independientes de su conexión o derivación con verdaderos derechos subjetivos. 2. - Ese interés, que desde el punto de vista procedimental administrativo es una situación reaccional, en pro de la defensa y efectiva reintegración de lo que doctrinalmente se ha llamado el propio círculo jurídico vital y en evitación de un potencial perjuicio ilegítimo temido, está conectado precisamente con este concepto de perjuicio, de modo que el interés se reputa que existe siempre que pueda presumirse que la declaración jurídica pretendida habría de colocar al accionante en condiciones legales y naturales de conseguir un determinado beneficio material o jurídico o como cuando la persistencia de la situación fáctica creada o que pudiera crear el acto administrativo ocasionaría un perjuicio como resultado inmediato de la resolución dictada. 3. Ese “interés legítimo”, que abarca todo interés que pueda resultar beneficiado con la estimación de la pretensión ejercitada (siempre que no se reduzca a un simple interés por la legalidad), puede prescindir, ya, de las notas de “personal y directo”, pues tanto la jurisprudencia del Tribunal Supremo como la del Tribunal Constitucional (en Sentencias, entre otras, de este último, 60/1982, de 11 octubre, 62/1983, de 11 julio, 160/1985, de 28 noviembre, 24/1987, 257/1988, 93/1990, 32y 97/1991 y 195/1992, y Autos 139/1985, 520/1987 y 356/1989) han declarado, al diferenciar el interés directo y el interés legítimo, que éste no sólo es superior y más amplio que aquél sino también que es, por sí, autosuficiente, en cuanto presupone que la resolución administrativa o jurisdiccional a dictar ha repercutido o puede repercutir, directa o indirectamente, pero de un modo efectivo y 7 acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien se persona. En materia de legitimación ya en el ámbito de la contratación señala la citada sentencia que “Tratándose de contratos administrativos, el interés legítimo viene determinado en general por la participación en la licitación (ss. 7-3-2001 citada por la de 4-6-2001), por cuanto quienes quedan ajenos a la misma, en principio no resultan afectados en sus derechos e intereses, si bien no puede perderse de vista que la determinación de la legitimación, en cuanto responde a los intereses que específicamente estén en juego en cada caso, ha de efectuarse de forma casuística, lo que tiene una proyección concreta en los supuestos de*

*procedimientos de concurrencia, en los cuales la condición de interesado no deriva de la genérica capacidad para participar en los mismos sino de la actitud de los posibles concursantes respecto del concreto procedimiento de que se trate, es decir, la condición de interesado no es equiparable a la genérica condición de contratista con capacidad para participar en el concurso sino que es preciso que se ejercite tal condición, ya sea participando en el procedimiento o de cualquier otro modo, sin que pueda descartarse la impugnación de la convocatoria del concurso por quien no participa en razón de las propias condiciones en que es convocado". De acuerdo con esta doctrina, para que pueda apreciarse la existencia de legitimación para la impugnación de resoluciones administrativas en materia contractual, deben concurrir los siguientes requisitos: 1. Con carácter general, el interés legítimo viene determinado por la participación en la licitación. 2. No obstante, la condición de interesado no es equiparable a la genérica condición de contratista con capacidad para participar en el concurso, sino que es preciso que se ejercite tal condición, ya sea participando en el procedimiento o de cualquier otro modo." Como decimos, este Tribunal ha señalado en múltiples resoluciones, a propósito de la impugnación de la adjudicación por un licitador excluido (por todas Resoluciones nº 237/2011, de 13 de octubre, nº 22/2012, de 18 de enero, y nº 107/2012, de 11 de mayo de 2012), que el interés invocado ha de ser un interés cualificado por su ligazón al objeto de la impugnación, no siendo suficiente a los efectos de la legitimación del licitador excluido el interés simple y general de la eventual restauración de la legalidad supuestamente vulnerada y de la satisfacción moral o de otra índole que pueda reportarle al recurrente el que no resulten adjudicatarias algunas otras empresas licitadoras, toda vez que nuestro ordenamiento no reconoce la acción popular en materia de contratación pública. La anterior doctrina ha sido confirmada por la Sentencia de la Audiencia Nacional de 3 de julio de 2019, recaída en el recurso contencioso administrativo nº 990/2016 que respecto de la cuestión jurídica objeto del recurso, a saber la adecuación a derecho de la resolución del Tribunal Central de Recursos Contractuales que había negado legitimación activa al licitador excluido del procedimiento de adjudicación, dice: "Y de aquí deriva precisamente la falta de legitimación por ausencia de interés legítimo de la recurrente para impugnar los actos de adjudicación, en tanto como se ha dicho había quedado excluida previamente del procedimiento de contratación; aunque inicialmente lo ostentara al ser una de las licitadoras, pero no tras su exclusión."*

Á vista da citada doutrina é indubidable que o recorrente ó ter sido excluído da licitación deste procedemento carece de legitimación activa. É preciso por de releve que o recorrente tivo coñecemento da súa exclusión e non a impugnou no momento procedimental oportuno.

**C) Como requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:



## Concello de Vigo

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do Tribunal.

**D)** Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento.

O acordo de adxudicación foi notificado ós licitadores o día 7 de maio. A interposición do recurso o día 28 de maio produciuse dentro do prazo conferido para o efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar a inadmisión do presente recuso, por canto o recorrente carece de lexitimación activa para a impugnación do acordo de adxudicación por ter sido excluído do procedemento. No entanto, e por se o Tribunal acorda admitir o recurso, no fundamento xurídico seguinte examínarase o fondo do recurso.

-V-

### Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recorrente formula dous motivos de impugnación, que exporemos a continuación:

- 1.- O acordo de adxudicación vulnera os pregos que rexen esta licitación así como a LCSP.

2.- É “contrario a las exigencias de una buena administración y a primeros de proporcionalidad que se desestime la oferta sin solicitar aclaraciones y/o subsanaciones”.

No entanto, o único argumento esgrimido polo recorrente para acreditar a vulneración das normas que rexen o presente contrato é que na adxudicación seguíronse uns “*criterios de evaluación que no se corresponden con el pliego de condiciones técnicas al haber excluido a mi representada por según el acta del informe de muestras “resulta complicado seguir la trazabilidad entre la muestra y la documentación entregada (...) al no considerar acreditado que el producto de la empresa Química Facil SL reúne las características técnicas exigidas en el pliego. Se han presentado las muestras requeridas así como las fichas técnicas y de seguridad. La empresa tiene registrados ante el Ministerio de Sanidad los dos productos GEL HIDROALCOHOLICO y CLEAR HIGIENIZANTE, por lo que cumple de sobra los requisitos exigidos. Este hecho se confirma, cuando en el GEL HIDROALCOHOLICO si se acepta esta documentación”*”.

Como se pode apreciar, o recorrente non se refire o acto de adxudicación senón a súa exclusión.

Tal e como se expuxo nos antecedentes, a exclusión do recorrente foi acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 8 de abril de 2021. Se tomou razón da mesma na resolución da concelleira de Contratación de data 9 de abril, de clasificación do lote 3. Esta resolución foi notificada aos licitadores o día 13 de abril de 2021 e publicada ese mesmo día no perfil de contratante. O recorrente non recolleu a notificación, se ben o 28 de abril de 2021 presentou escrito no Rexistro Xeral deste Concello solicitando aclaracións a súa exclusión. Do contido deste escrito dedúcese que era coñecedor da mesma. Efectivamente, nel manifesta que “*Somos la oferta más ventajosa de todas las presentadas y no entendemos nuestra exclusión cuando con esta autorización y esta ficha técnica hemos sido adjudicatarios de un gran número de licitaciones públicas. En todo caso, si no se entendía algo, se debería haber pedido una aclaración, siendo un defecto totalmente subsanable. Entiendo que la decisión de exclusión es recurrible ante el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, pero hemos preferido consultarles a ustedes primeros. Nos vence el plazo el día 4 de mayo, nos gustaría si nos pudiesen contestar antes*”. O servizo de contratación contestou o 3 de maio. O escrito se lle notificou o mesmo día, constando a súa recepción nesa data, antes do vencemento do prazo de recurso, tal e como solicitara o recorrente.

O artigo 40.3 da LPAC considera que a notificación defectuosa é válida a partir do momento no que “*el interesado realice actuaciones que supongan el conocimiento del contenido y alcance de la resolución o acto objeto de la notificación, o interponga cualquier recurso que proceda*”. En aplicación deste precepto, aínda que o recorrente non recolleu a notificación electrónica comunicándolle a súa exclusión, o certo é que solicitou aclaracións á mesma, o que denota o coñecemento da mesma. E neste escrito solicitando aclaracións pon de releve que coñece a data na que finaliza o prazo para a interposición do recurso. En consecuencia, o recorrente puido impugnar o acordo de exclusión. Máis como non o fixo no prazo conferido ó efecto, agora utiliza a vía indirecta de recorrer o acordo de adxudicación.

Con respecto a súa exclusión, esta acordase pola Mesa de contratación, na sesión do 8 de abril de 2021, á vista do informe das técnicas de prevención de riscos de data 5 de abril, que con relación as toallíñas desinfectantes determina que “*Acompaña de ficha técnica para produto CLEAR HIGIENIZANTE X99 que non se corresponde coa mostra. Resulta complicado seguir a trazabilidade entre a mostra e a documentación entregada*”. O apartado 6.C das FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) incluídas no Anexo I do PCAP determinan con relación as mostras das toallíñas o seguinte:

**“Toallíñas impregnadas en solución desinfectante que inactiva o SARS-CoV-2**





## Concello de Vigo

-Documentación requerida:

Xustificación de que figura no documento Listado de virucidas autorizados en España para uso ambiental (PT2) na súa derradeira actualización publicada na web do Ministerio de Sanidade como de uso autorizado para limpeza de superficies e equipos de traballo para público xeral. Ficha de Datos de Seguridade (FDS) actualizada. A partir do 01/01/2021 a FDS deberá cumprir o establecido no REGLAMENTO (UE) 2020/878 DE LA COMISIÓN de 18 de junio de 2020 por el que se modifica el anexo II del Reglamento (CE) n.o 1907/2006 del Parlamento Europeo y del Consejo, relativo al registro, la evaluación, la autorización y la restricción de las sustancias y mezclas químicas (REACH)".

É preciso ter en conta que este apartado determina que "Será causa de exclusión que as mostras presentadas non se axusten ao disposto no prego de prescricións técnicas ou non se presente a documentación informativa". Á vista do informe técnico e do precepto citado, a Mesa de Contratación acordou a exclusión.

Unha vez notificada a exclusión e solicitadas aclaracións polo recorrente, as citadas técnicas informan en data 3 de xuño que:

*"Revisada novamente a documentación e as mostras presentadas polo licitador mantéñense os criterios de exclusión informados, xa que:*

- *A mostra presentada TOALLITA DESINFECTANTE non coincide nin coa documentación (FDS, 209290 CLEAR HIGEINIZANTE de data 27/04/2020; Autorización temporal do Ministerio de Sanidade para a comercialización do GEL HIDROALCOHÓLICO e do CLEAR HIGIENIZANTE e Ficha Técnica CLEAR HIGIENIZANTE X99 Limpiador multiuso hidroalcohólico desinfectante) que achegan nin coa toallita que figura na fotografía que achegan na súa solicitude de aclaraciónse Ficha Técnica.*
- *Na FDS os elementos da etiqueta (pictogramas e palabras de advertencia) non coinciden co contido da etiqueta da mostra presentada".*

Como se pode apreciar, o solicitar o recorrente a subsanación do sobre D implicaría a achega de nova documentación non aportada coa oferta e suporía unha vantaxe competitiva a este licitador que prexudicaría o resto, violando o principio de competencia e concorrencia nas licitacións públicas, a igualdade de trato aos licitadores e a transparencia. De feito, dado que a súa oferta era a máis vantaxosa economicamente, e o único criterio de adxudicación era o prezo, se subsanase sería a adxudicataria, penalizando pola contra aos licitadores que presentaron correctamente a documentación.

Á vista do argumentado, procede, pois, a xuízo da informante, propoñer ó Tribunal a desestimación destas alegacións.

**-VI-**

### **Conclusiones**

Recapitulando podemos afirmar que neste recurso o recorrente pretende coa impugnación do acordo de adxudicación o acordo de exclusión que non impugnou en prazo. Razón pola que os motivos de impugnación versan sobre a exclusión da súa oferta.

Á vista do exposto, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de exclusión por canto o recorrente xa non é licitador, e polo tanto, a resolución do recurso non afectaría os seus dereitos e intereses lexítimos.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesma no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

**-VII-**

**Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como no caso que nos ocupa. En consecuencia, solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

**-VIII-**

**Acordo**

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar o presente informe.*

*2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(479).- PROGRAMA VIGO EN FESTAS ANO 2021. Expte. 8754/335.**

Visto o informe xurídico do 04/06/2021, dáse conta do informe-proposta de data 04/06/21, asinado pola xefa do Servizo de Festas (Resolución do 03/06/21) e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)



## Concello de Vigo

- Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, modificada pola Resolución de 25 de xuño de 2020.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

É por isto que dentro da planificación das políticas públicas, como clave da xestión pública e coa fin de dotar maior transparencia e publicidade, propónse a elaboración dun Programa do Servizo de Festas, de actividades para o segundo semestre de 2021, como documento que recolla de forma sistematizada todas aqueles actos que o conforman e que, unha vez publicitado, permita aos interesados ter una visión global do mesmos.

### ANTECEDENTES DE FEITO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2020, aprobou o “**Plan de dinamización e desenvolvemento do servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023**” (expediente 8385/335), que recolle os cinco obxectivos do Servizo de Festas e traça as liñas estratéxicas básicas e que son os/as seguintes:

#### **Primeiro.- OBXECTIVOS:**

**Obxectivo 1.-** *Garantir unha oferta sociocultural completa e de calidade para a cidadanía que converta a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos.*

**Obxectivo 2.-** *Conseguir a través da programación de actividades socioculturais una acción transformadora do municipio, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida. Así como o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión da nosa identidade cultural e da nosa historia.*

**Obxectivo 3.-** *Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural, de festas tradicionais e patronais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido asociativo.*

**Obxectivo 4.-** *Favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.*

**Obxectivo 5.-** *Xestión e mantemento dos espazos vinculados ao servizo.*

Non obstante este ano, con motivo da situación actual de emerxencia sanitaria o desenvolvemento das actividades programadas está suxeita ao cumprimento de determinadas medidas preventivas en materia COVID establecidas pola Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade modificada posteriormente por Resolución de 25 de xuño e do 7 de maio de 2021, das que resulta o seguinte:

- Orquestras, bandas e outras agrupacións musicais: as actuacións e ensaios en exteriores ou en recintos diferentes aos habituais realizaranse seguindo, ademais, as medidas de prevención específicas deses espazos e sempre gardando a distancia de seguridade interpersonal" (2.12).

- Respecto a actividade en recintos ao aire libre destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas., poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, cun límite máximo de mil persoas tratándose de actividades ao aire libre. Así mesmo deberá establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara. (3.18).

- A celebración de romarías, desfiles, exhibicións de música ou baile ou actividades similares en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública deberá desenvolverse nas condicións que deberá determinar a autoridade municipal correspondente. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou o itinerario e a asistencia de público estará limitada a un máximo de 1.000 persoas. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente".

E por isto que ante a situación actual o Servizo de Festas, coa finalidade de evitar a afluencia de persoas e garantir o distanciamento social entre o público asistente ás actividades que se programen e tamén atendendo a un principio de descentralización, elabora un programa deste ano que pretende realizar actividades en diferentes puntos do termo municipal (repartidos entre barrios da cidade e parroquias), conseguindo así unha maior dispersión física de públicos e un achegamento e disfrute das actividades a toda a cidadanía. Neste senso no Servizo de Festas, trala declaración da situación de alerta, achegáronse distintas propostas respecto de actuacións artísticas nacionais principalmente de carácter local, así como espectáculos musicais, de danza e teatro de pequeno formato, espectáculos adicados ao público infantil e familiar, actividades diversas de animación de rúa e actuacións folclóricas de todo tipo.

É por isto que a vista das distintas propostas presentadas e atendendo a situación actual e co fin de garantir un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que dende o Servizo de Festas poidan favorecer a recuperación da vida social e económica emítese a seguinte **PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN:**



## Concello de Vigo

### **1.- PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2021”.**

**Obxectivo:** O desenvolvemento, xestión, execución e seguimento dos diferentes programas e actividades festivas, socioculturais, lecer e tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa, de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural. Este ano o programa implicase na xeneración de actividade creativa e cultural dos barrios co fin de achegar o acceso á cultura e ocio a toda a cidadanía e en todo o termo municipal.

**Lugares:** Centro da cidade, barrios e parroquias do municipio, todos eles ao aire libre,

A organización e desenvolvemento de actividades nestes lugares conlevará o cumprimento dun protocolo de actuacións, conforme ás medidas indicadas pola Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño e do 7 de maio (e polas súas futuras modificacións).

**Público obxectivo:** Poboación en xeral, contendo actividades dirixidas a diferentes sectores de público infantil e familiar.

**Tarefas e accións:** O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades. En liñas xerais a programación inclúe as seguintes:

#### **ACTIVIDADES DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS.**

##### **1.1 - Actividades infantís por barrios, parroquias, centro da cidade e praias.**

O servizo programa para os mais pequenos diversos espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade coa fin de achegar alternativas de ocio e lecer. Estes eventos poden ter formato de concertos musicais, contacontos, música tradicional, teatro, maxia, recital, etc.

##### **1.2.- Festival de verán: concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade, semana da Danza e Vikul.**

Dentro do programa Vigo en Festas o servizo organiza concertos / espectáculos en pequeno formato para público xeral e adultos. O espazo escénico onde se desenvolverán as actuacións será en diversos escenarios nos barrios e parroquias e núcleo urbanos do Municipio de Vigo nas condicións que determinen os protocolos COVID que a dito efecto disporá o servizo de Festas.

##### **1.3 Festival Internacional “O Marisquiño”.**

Ao longo dos seus dezasete anos de historia, Festival “O Marisquiño” posicionouse dentro da élite exclusiva de eventos que reúne a cualificación de “Word Cup” para tres disciplinas deportivas urbanas. A repercusión publicitaria da cidade a nivel nacional e internacional vinculada ao evento transformouse nunha plataforma de comunicación cun gran valor estratéxico.

A sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, CIF B-36.957.132, vén realizando a organización do programa “O Marisquiño”, o Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, es por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño), prevé a concesión dunha subvención para a organización do festival “O Marisquiño”.

O evento ten lugar na primeira quincena de agosto.

#### **1.4. Festival Folclórico Internacional Concello de Vigo edición XXVII.**

O Festival folclórico internacional recolle unha serie de actuacións en barrios e parroquias da cidade de grupos de folclore doutras rexións ou países. Este programa ten sido desenvolvido en todas as súas edicións anteriores pola **Asociación cultural Interfolc (CIF G-36.892.271)**, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor da Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271) con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de festas (transferencias correntes).

#### **1.5.- Festas gastronómicas.**

Dentro da programación de verán, e se a normativa actual dada a situación de emerxencia sanitaria o autoriza, o servizo desenvolve tres festas gastronómicas que teñen como obxectivo a exaltación de tres produtos típicos da gastronomía viguesa.

O programa Festas gastronómicas da cobertura aos obxectivos nº 2 e 4 do servizo de Festas: Conseguir a través da programación de actividades socioculturais una acción transformadora do municipio, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida. Así como o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión da nosa identidade cultural e da nosa historia, e favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.

Sendo a tres festas as seguintes:

- ✓ Festa do Mexillón: A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos. Este programa o desenvolve a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.  
Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor da Federación de Peñas El Olivo con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.
- ✓ Festa do Polbo: A “Festa Gastronómica do Polbo” ven organizándose no Parque Forestal do Monte dos Pozos. Este programa vén sendo desenvolvido polo Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.  
Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor do Centro Veciñal e cultura de Valladares con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.



## Concello de Vigo

- ✓ Festa da Sardiña: A Festa Gastronómica da Sardiña organizáse na carballeira do monte da Guía. Este programa vén sendo desenvolvido pola “Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” (CIF G-36.731.404), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados con ditos fins sociais.  
Tramítase a través dunha subvención nominativa a favor da Asociación de “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” con cargo ao capítulo 4 do orzamento do servizo de Festas.

### **2.- ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DE OUTONO E SAMAIN.**

Estes ciclos de actividades teñen lugar nos meses de outubro e novembro, e consiste nunha programación de actividades de pequeno formato en distintos puntos da cidade, barrios e parroquias:

- ✓ Samain: Este programa desenvólvese anualmente entre setembro e novembro. O servizo organiza obradoiros, animación de rúa, e espectáculos infantís en diferentes puntos da cidade. O público destinatario é infantil e familiar.
- ✓ Espectáculos de pequeno formato en diversos puntos da cidade e nos barrios e parroquias.  
Actividades socioculturais de pequeno formato (ciclos de música, actuacións, animacións de rúa en distintos puntos da cidade e dos barrios e parroquias.

### **3.- PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

A convocatoria anual de subvencións en concorrencia competitiva esta destinada a entidades sen ánimo de lucro para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais.

A concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos do servizo que este ano 2021 ascende a 130.000 €.

### **4.- OUTRAS SUBVENCIÓNS.**

#### **Subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para organización do programa “Vente con Nos”.**

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo no ano 2001, co fin de desenvolver un circuito de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver o programa “Vente con Nós” cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

A través desta subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para organización do programa “Vente con Nos” a entidade comprométese ao desenvolvemento dos programas “**Vente con Nós**” que acollen un ciclo de actuacións de música, canto e danza tradicionais e a Semana de Teatro Afeccionado.

## **5.- XESTIÓN DAS ACCIÓNS PRECISAS PARA O FUNCIONAMENTO, CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓNS DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS.**

O Auditorio ao aire libre de Castrelos e unha instalación adscrita ao servizo de Festas que obriga a realizar ao longo do ano diversas accións e contratación coa fin de asegurar o seu correcto funcionamento e que son as seguintes:

- ✓ Reparación do valado do perímetro do auditorio que foi danado pola caída dunha arbore.
- ✓ Reparación dos motores da cuberta do escenario.
- ✓ Contratación dunha asistencia técnica para a revisión da cuberta da estrutura da cuberta do escenario, cálculo de cargas da cuberta para cada espectáculo.
- ✓ Consultas sobre a necesidade de facer unha proba de carga do solo do escenario.
- ✓ Revisión xeral das instalacións do auditorio antes do inicio dos espectáculos.
- ✓ Contratación dunha asistencia técnica para a elaboración do plan de auto protección do Auditorio de Castrelos.

Ademais das accións anteditas a xestión inclúe a cesión do recinto ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de diferentes eventos.

## **6.- PROGRAMA DO NADAL**

### **Obxectivo:**

Consiste nunha programación de actividades que teñen lugar no mes de Nadal. Promove directamente a participación da cidadanía en actividades socioculturais vinculadas a celebración do Nadal.

### **Lugar:**

Centro da cidade e nos barrios e parroquias do término municipal.

### **Público obxectivo:**

Poboación en xeral inda que as actividades están orientadas principalmente ao público infantil e familiar.

### **Tarefas e accións:**

O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades que se detallan a continuación:





## Concello de Vigo

### **6.1.- Parque infantil de Nadal Concello de Vigo.**

O obxecto desta actividade é a organización dun Parque infantil temático no Auditorio Mar de Vigo que ofrece aos nenos e nenas de Vigo no período de vacacións de Nadal a posibilidade de desfrutar de diversas actividades de ocio e lecer: obradoiros, actividades de aventura e deportivas, xogos.

### **6.2.- Actividades de pequeno formato en diversos puntos da cidade.**

Selección e posterior organización e contratación de actuacións de pequeno formato (corais, grupos folclóricos, animacións infantís, espectáculos de rúa) en diversos puntos da cidade.

### **6.3.- Visita aos hospitais e centros asistenciais.**

O servizo organiza a visita aos principais centros sanitarios e asistenciais de Vigo. Este programa inclúe a caracterización dos reis, a contratación do transporte dos reis e paxes e máis a compra de agasallos para os nenos/nenas hospitalizadas e dos centros asistenciais.

### **6.4.- Outras accións necesarias para o desenvolvemento do programa do Nadal:**

Contratación dos Planes de Autoprotección necesarios, contratación da difusión e outros servizos precisos para a organización dos eventos.

## **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a “PROPOSTA DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2021”.

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no “Portal de Transparencia” conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5 (480).- NOMEAMENTO INTERINO PERSOAL ADMINISTRATIVO PARA BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 37658/220.**

Visto o informe de fiscalización do 02/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 31/05/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

I.- Con data de sinatura electrónica, se presenta solicitude asinada polo Xefe da Área de Benestar Social e conformada pola Concelleira delegada da área de Política Social, na que manifesta a necesidade urxente de incorporación de 4 administrativos por 6 meses e 1 para apoio ao programa (AMES) Axudas escolares curso 2021/2022- Acordo de XGL sesión ordinaria 15/04/2021, modificado por Acordo de XGL de 13/05/2021,;

II.- En resposta a esta petición, a concelleira competente en materia de persoal, mediante instrución de servizo de data de 18/05/2021, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna

III.- Consta informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:



**Concello de Vigo**

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de

polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (cod. Retrib. 105- administrativo), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno



## Concello de Vigo

Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da xefatura da Área de Benestar Social, así coma na instrución da concellería delegada competente en materia de persoal, de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente; O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido que obra no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto supón o seguinte gasto:

#### **ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL - PROGRAMA TEMPORAL - (un posto)**

| <b>Custo Total Proposta ( 1 posto) // Custe 2021<br/>// Custe 2022</b> |                  |                    | <b>Periodo - (01-06/2021 a 30/06/2022)- 1<br/>POSTO – 13 meses</b> |
|--|------------------|--------------------|--|
| <b>Retribucións totais (1<br/>posto)</b>                               | 16.371,5€        | 14.313,37 €        | <b>30.684,87 €</b>   |
| <b>Seguridade Social (1<br/>posto)</b>                                 | 4.323,12€        | 3.779,64 €         | <b>8.102,76 €</b>  |
| <b>Total</b>   | <b>20.694,6€</b> | <b>18.093,01 €</b> | <b>38.787,63 €</b>   |

#### **ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL - acumulación tarefas (catro postos)**

| <b>Custo Total Proposta ( 1 posto) //<br/>Ano 2021</b> |             | <b>Periodo - (01-06/2021 a 30/11/2021)- 4 POSTOS –<br/>6 meses</b> |
|--|-------------|--|
| <b>Retribucións totais (1<br/>posto)</b>               | 28.065,42 € | <b>56.130,84 €</b>   |
| <b>Seguridade Social (1<br/>posto)</b>                 | 7.411,06 €  | <b>14.822,12 €</b>   |

|              |             |                    |
|--------------|-------------|--------------------|
| posto)       |             |                    |
| <b>Total</b> | 35.476,48 € | <b>70.952,96 €</b> |

**CUADRO RESUMO TOTAL CUSTE EXPEDIENTE ( 5 Administrativos)  
( Período 01/06/2021 a 30/06/2022)**

**ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL - ACUM.TAREFAS (4 postos) e, - PROGRAMA  
TEMPORAL (un posto)**

| <b>Custo Total Proposta ( 5 postos) // Custe 2021<br/>// Custe 2022</b> | <b>Periodo - (01-06/2021 a 30/06/2022)<br/>13 meses- 5 POSTOS –</b> |                |                     |
|---|---|----------------|---------------------|
| <b>Retribucións totais (5<br/>postos)</b>                               | 72.502,34€  | 14.313,37<br>€ | <b>86.815,71 €</b>  |
| <b>Seguridade Social (5<br/>postos)</b>                                 | 19.145,24<br>€  | 3.779,64 €     | <b>22.924,88 €</b>  |
| <b>Total</b>  | 91.647,58<br>€  | 18.093,01<br>€ | <b>109.740,59 €</b> |

Igualmente se fai constar que : “o custo do presente expediente, imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021(sete meses) e, do período comprendido entre o 01/01/2022 e o 30 de xuño de 2022 (6 meses) ao vindeiro exercicio 2022, no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social”

**V. -Verificación das listas de reserva.**

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Administrativos/as, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*

*Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como administrativo por programa a, J.L Pérez Martínez con DNI: \*\*\*\*5527\*\*, e como administrativos/as por acumulación de tarefas a, A. Tato Torres con DNI: \*\*\*\*1953\*\*, a M.M Sicre González con DNI: \*\*\*\*4690\*\*, a E. Álvarez Martínez con DNI: \*\*\*\*1324\*\* e a A. Iglesias Pernas con DNI: \*\*\*\*6862\*\* de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*



## Concello de Vigo

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos segundo o disposto no artigo 10.1 apartados c) e d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de cinco funcionarios/as interinos/as (un/unha por execución de programa temporal e catro por acumulación de tarefas, como administrativos/as de administración xeral ao abeiro do exposto no artigo 10.1. c) e d) do TREBEP, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período (30/06/2022 no nomeamento por execución de programa e o prazo de seis meses no caso da acumulación de tarefas), xustificadas nas necesidades do Servizo de Benestar Social contidas no escrito de data de sinatura electrónica.

En consecuencia, autorizar o gasto por importe de gasto de **86.815,71 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **22.924,88 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **109.740,59 €**.

Elo con cargo á aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021(sete meses) e, do período comprendido entre o 01/01/2022 e o 30/06/2022 (6 meses) ao vindeiro exercicio 2022, no que respecta a custes retributivos; e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as como administrativos de administración xeral a: J.L Pérez Martínez con DNI: \*\*\*\*5527\*\* por execución de programa temporal; e a A. Tato Torres con DNI: \*\*\*\*1953\*\*, a M.M Sicre González con DNI: \*\*\*\*4690\*\*, a E. Álvarez Martínez con DNI: \*\*\*\*1324\*\* e a A. Iglesias Pernas con DNI: \*\*\*\*6862\*\*, por acumulación de tarefas, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1. c) e d) do TREBEP, rematando respectivamente ao remate o programa (30/06/2022) ou cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto: cod. Retrib. 105-administrativo, sendo adscritos/as ao Servizo de Benestar Social sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Servizo de Benestar Social, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez